

## INDICACIÓNS TAREFAS SEMANA DO 18 AO 22 DE MAIO

Xa pasaron dous meses, parece increíble!!

Neste momento xa todos e todas sabemos que non imos ter colexio coma sempre. Pero que non decaian os ánimos e a seguir traballando todos os días para non esquecer o aprendido, reforzalo e conservar o hábito de traballo.

Esta semana imos reforzar as áreas científicas aplicando ao mesmo tempo a competencia lingüística e a de aprender a aprender.

- CCNN do tema 6: AS MESTURAS.
- CCSS do tema 4: OS SECTORES DE PRODUCCIÓN
- MATEMÁTICAS. Repaso das medidas de masa, capacidade e lonxitude
- LINGUA GALEGA. Tedes xogos interactivos para coñecer a Carballo Calero, o personaxe homenaxeado este ano no Día Das Letras Galegas. Encontraredes tamén propostas artísticas para realizar. Atoparédelos tanto na web como no blog de 6º.
- Esta semana as frases cumpriron un mes e xa vai sendo hora de despedilas. A todas e a todos os que leváchedes a cabo a misión que se vos encomendara, **PARABÉNS!!!!**

**QUE TEDES QUE ENVIAR Á TITORA ATA O VENRES 22?**

**AS ACTIVIDADES DE SOCIAIS E NATURAIS**

Coma sempre tedes actividades nos distintos enlaces de

Mónica (english), Silvia (relixión) e Marga

[https://arcadamarga.blogspot.com/2020/05/cancioneiro-festeiro\\_14.html](https://arcadamarga.blogspot.com/2020/05/cancioneiro-festeiro_14.html)